

GR/ao

RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

O Deputado Delegado en materia de cooperación e asistencia a municipios, en virtude das competencias delegadas pola Presidencia, ditou a seguinte **RESOLUCIÓN**

Visto o informe xurídico-proposta de resolución do Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal, de data 25 de xuño de 2018, co seguinte teor literal

“INFORME XURÍDICO-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Resultando que no presente expediente están acreditados os seguintes,
ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro. O 22 de xuño de 2018 ten entrada no Rexistro Xeral da Deputación Provincial de Pontevedra (nº de rexistro web 2018005454) escrito do Concello de Mondariz a través do cal solicita a designación de persoal técnico provincial para asesorar á mesa de contratación no expediente “Dotación de infraestruturas nos campos de fútbol de A Lagoa” subvencionado pola Deputación Provincial de Pontevedra ao abeiro do Plan Concellos 2018/2019 e do Plan de Reequilibrio.

Segundo. Ese mesmo día dáse traslado de dita solicitude ao Servizo de Mobilidade para que eleve proposta de nomeamento de persoal atendendo ás características da petición e ás propias necesidades do servizo, designando para ditas funcións a Manuel González Juanatey, Enxeñeiro Técnico do Servizo de Mobilidade.

Considerando que ao presente expediente lle son de aplicación os seguintes,
FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. De acordo co disposto no artigo 36.1. b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 109.1.b) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, é competencia da Deputación “La asistencia y cooperación jurídica, económica y técnica a los Municipios, especialmente a los de menor capacidad económica y de gestión”.

Segundo. Dita asistencia prestarase, entre outros medios, dando soporte aos Concellos na tramitación de procedementos administrativos, tal e como preceptúa o artigo 36.2.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

MONDARIZ
REXISTRO ENTRADA
2018-E-RC-2198
03/07/2018 13:27

1

CONCLUSIÓN

Vistos os antecedentes de feito mencionados e a motivación legal expostos, procede efectuar o nomeamento do persoal mencionado na parte expositiva desta proposta de resolución para asesorar á citada mesa de contratación do Concello de Mondariz.

Os gastos de viaxe e, no seu caso, dietas, asistencias e calquera outro gasto que se puidese orixinar, serán de conta da Corporación convocante.

RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

De conformidade co disposto na Resolución Presidencial nº 2016007829, de 25 de abril de 2016, de delegación de competencias da Presidencia, elévase ao Deputado Delegado en materia de cooperación e asistencia a municipios, D. David Regades Fernández, a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro. *Acordar o nomeamento de Manuel González Juanatey, Enxeñeiro Técnico do Servizo de Mobilidade, para asesorar á mesa de contratación do expediente “Dotación de infraestruturas nos campos de fútbol de A Lagoa” no concello de Mondariz.*

Os gastos de viaxe e, no seu caso, dietas, asistencias e calquera outro gasto que se puidese orixinar, serán de conta da Corporación convocante.

Segundo. *Notificar a presente Resolución ao interesado, Concello de Mondariz, Servizo de Mobilidade, Presidencia e Servizo de Asistencia Intermunicipal.*

Pontevedra, 25 de xuño de 2018.

O Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.

Gabriel Rodríguez Alonso.”

Vista a precedente proposta de acordo, **RESOLVO** de conformidade coa mesma.

Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpor recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun

mes a contar desde o día seguinte ao da súa recepción (artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da recepción da mesma (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa). Todo iso sen prexuízo da posibilidade de utilizar calquera outro recurso que estime procedente.

O que lle comunico para o seu coñecemento, cumprimento e demais efectos.

Pontevedra, 25 de xuño de 2018.

O SECRETARIO.



Por delegación, o Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal,
segundo R.P. nº 20-1700-1033, de 25 de xaneiro de 2016.

Concello de Mondariz.